

3

Lingua e Sociedade

DIVERSIDADE BIOCULTURAL

Queremos explicar tamén o concepto de «diversidade biocultural». A diversidade de vida na Terra non só está formada pola variedade de especies de plantas, animais e ecosistemas que atopamos na natureza (biodiversidade), senón tamén pola variedade de culturas e linguas nas sociedades humanas (diversidade cultural e lingüística).

Os vínculos entre lingua, cultura e medio indican que a diversidade biolóxica, cultural e lingüística deben ser estudadas xuntas, como ramificacións da vida na Terra.

O termo «diversidade biocultural» quere atender a un novo campo de estudo que ten como obxectivo analizar a natureza das relacións entre os tipos de diversidade e os seus niveis, desde o local ata o global. Pretende identificar as zonas onde a biodiversidade cultural está sendo danada e buscar estratexias e solucións para contrarrestar as consecuencias deses danos.

Sharing a world difference. The earth's linguistic, cultural and biological diversity, UNESCO (trad. e adapt)

Sobre a lectura

- O **obxectivo 11** de desenvolvemento sostible «Cidades e comunidades sostibles» expón na **meta 11.4** «Redobrar os esforzos para protexer e salvagardar o patrimonio cultural e natural do mundo». Comprendes o concepto de «diversidade biocultural»? Algunha vez escoitaras falar del?
- Na nosa sociedade é común a defensa da diversidade ecolóxica. Cres que tamén cómpre defender a cultural? Por que?

→  Plano aberto. Accede ao vídeo desta unidade en anayaeducacion.es.

Que vas atopar nesta unidade?

- 1 As funcións sociais da lingua
- 2 A diversidade lingüística
- 3 Linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas
- 4 Bilingüismo e diglosia
- 5 Conflito lingüístico e ecolingüismo




As funcións sociais da lingua

Dependendo dos **niveis e ámbitos sociais de uso** dunha lingua, a súa **función comunicativa básica** concrétese noutras **funcións matrices** máis específicas.

Función de identidade	A lingua <u>articula o pensamento</u> e o coñecemento que do mundo ten cada persoa.	
Función familiar	Permite a relación e a interacción cotiá entre os membros dunha <u>familia</u> .	Durante o longo período histórico en que o galego foi apartado do uso público, mantívose como a lingua do ámbito familiar. A transmisión de nais e pais a fillos é chave para o futuro de calquera lingua.
Función laboral	Posibilita a comunicación no mundo do <u>traballo</u> .	Cando as relacións son desiguais, a lingua galega padece. Arredor do 57% das persoas usan o castelán cos seus empregados ou superiores.
Función local	Favorece os contactos entre persoas da <u>mesma contorna</u> : coas amizades, os veciños, os prestadores de servizos...	As diferenzas de usos son notables segundo se trate de pequenos núcleos, vilas ou cidades: na área de Vigo, fala galego habitualmente o 25,5% da poboación. Na cidade viguesa, o 15,2%.
Función institucional	Propicia a comunicación entre a cidadanía e as <u>institucións políticas e administrativas</u> .	Malia que a lei recolla a obriga da administración de Galicia de promover o uso normal do galego na súa relación coa cidadanía, ámbitos como o da sanidade están moi lonxe de ofrecer un uso acorde co dos doentes. A Administración de Xustiza tamén amosa importantes carencias á hora de garantir a cooficialidade.
Función cultural	Serve para expresar e recibir os saberes das ciencias, das artes e da cultura en <u>xeral</u> .	As linguas convértense así no vehículo de expresión da identidade colectiva. Poden desenvólvela a nivel local e tamén, como no caso do galego, proxectala a nivel internacional.
Función internacional	Aparece cando unha lingua é usada por falantes de varios <u>países con linguas propias</u> diferentes para se entenderen entre si.	Actualmente, no sentido estrito, só cumpre esta función o inglés.

Tanto a función de **identidade** como a **familiar** dependen da aprendizaxe directa da persoa a través dun contacto espontáneo (aprendizaxe primaria) e danse durante a infancia; a función **cultural**, pola contra, depende do estudo da lingua por parte do falante (aprendizaxe secundaria) ao igual ca a función **internacional**.






As especulacóns acerca da orixe da linguaxe humana, que ciclicamente suscitan debates, rematan sempre nun camiño sen saída por falta de probas concluíntes. Asumida e contrariedade, tres son os puntos de vista máis importantes verbo da orixe da lingua»

Monogénese	Todas as linguas derivan dunha orixe común: unha lingua orixinal .
Polinésese	A linguaxe xorde simultaneamente en varios lugares e dá lugar a diversas linguas orixinais .
Selección	Todas as linguas derivan dun único «punto» , pero que realmente foi unha «liña» ou tendencia dunha época anterior extinta na que xurdiran varias linguas independentes .

Sexa como for, a humanidade conforma un mosaico de sociedades, culturas e linguas diferentes. No que atinxe a cuestións esenciais para os seres humanos, cada comunidade tenta atopar, na procura de solucións concretas, aquelas que mellor se adaptan en cada momento ás súas peculiaridades, agromando así as diferentes tradicións culturais e hábitos sociais que identifican os distintos pobos e nacións.

A isto súmanselle os factores histórico e xeográfico, como as migracións ou as colonizacións, que contribúen ao desenvolvemento e transformación de cada lingua segundo a súa realidade social. No extremo contrario, atopamos os efectos da globalización, proceso que é, por definición, promotor da homoxeneización e perda da diversidade lingüística do planeta.



A **diversidade cultural, étnica e lingüística** é unha condición esencial da natureza humana. Hai que respectar e **valorar esa riqueza** como o principal patrimonio común da humanidade, sen menoscabo do desenvolvemento social e económico de todas as nacións nin do recoñecemento universal dos dereitos e liberdades individuais.

2.1 Familias de linguas

Ata onde sabemos, todas as linguas foron orixinariamente dialectos doutra. Forman unha familia aquelas que están historicamente emparentadas, é dicir, que derivan dunha mesma lingua anterior.

Estímase que existen 142 familias diferentes, aínda que boa parte da poboación mundial forma parte das seis máis grandes: case a metade fala algunha das máis de catrocentas linguas indoeuropeas que se conservan. Aproximadamente unha quinta parte exprésase nunha lingua de orixe sino-tibetana. Moitos menos falantes posúen as linguas das familias afroasiática, níxer-congo, austronesia ou trans-neoguineana.

O tronco **indoeuropeo** estendeuse entre a India e o oeste de Europa e comprende dez grupos de linguas entre os que está o itálico, do cal deriva o latín. Do latín, estendido co Imperio Romano, derivan as linguas romances, románicas ou neolatinas.

As linguas da familia indoeuropea (xermanas, célticas, románicas, eslavas, gregas, bálticas...) constitúen a práctica totalidade dos idiomas europeos actuais, agás o éuscaro, o maxiar, o finés e o turco.

Actividades

- 1 **Que passaria se...?** Le o texto seguinte e realiza as tarefas propostas:

- Indica o tema do texto e resume brevemente o seu contido.
- Elabora un esquema a partir das ideas principais de cada parágrafo.
- Redacta un comentario crítico no que xulgues as ideas expostas polo autor do texto confrontándoas ao mesmo tempo coa túa propia visión persoal.

Texto 1

Claro está que non todas as linguas naceron iguais. Pero direi delas o que digo das persoas, e é que todas teñen o mesmo dereito a que se respecte a súa dignidade. Desde o punto de vista da necesidade de identidade, o inglés e mais o islandés desempeñan exactamente o mesmo papel; e é cando contemplamos a outra función da lingua, a de instrumento de relación entre as persoas, cando deixan de ser iguais. [...]

Que para comunicármonos co resto do planeta hoxe sexa necesario saber ben inglés é unha evidencia que sería inútil discutir; pero sería igualmente inútil pretender que o inglés é suficiente. Aínda cando responda á perfección a algunhas das nosas necesidades actuais, hai outras ás que non responde; sobre todo á necesidade de identidade...

Para os estadounidenses, os ingleses e algúns outros, o inglés forma parte da súa identidade, claro está, pero para o resto da humanidade, é dicir, para nove décimas partes dos nosos contemporáneos, non pode cumprir esa función, e sería perigoso facer que a cumprise salvo que queiramos crear lexións de persoas descentradas, extraviadas, de dislocada personalidade. Para que unha persoa poida sentirse cómoda no mundo actual, é esencial que non sexa obrigada, para entrar nel, a abandonar a lingua que forma parte da súa identidade. Ninguén debería verse forzado a «expatriarse» mentalmente cada vez que abre un libro, cada vez que se senta perante unha pantalla, cada vez que discute ou reflexiona. Todos os seres humanos deberíamos poder apropiarnos da modernidade, no canto de ter constantemente a sensación de pedírllela emprestada a outros.

Ademais, e ese é o aspecto que me parece máis importante salientar hoxe, xa non abonda coa lingua propia, a que forma parte da identidade, e a lingua mundial. Non poden quedarse aí os que teñen os medios, a idade e a capacidade necesarias. Que un francés e un coreano poidan comunicarse en inglés cando están xuntos, e discutir, e facer negocios, constitúe, sen dúbida, un avance en relación co pasado; pero que un francés e un italiano só poidan falar en inglés é, indiscutiblemente, un retroceso e un empobrecemento da súa relación. [...]

Destas observacións tento tirar unha conclusión que é, ao meu xuízo, fundamental: no caso das linguas, e aínda en contra do que parece, limitarse ao mínimo estritamente necesario sería contrario ao espírito do noso tempo: entre a lingua propia e a lingua mundial hai moito espazo, un espazo inmenso que temos que saber encher. [...]

O día de mañá podería haber incluso, [na Unión Europea] ademais da moeda única e dunha lexislación unificada, un mesmo exército, unha mesma policía e un mesmo goberno; pero se se tenta deixar fóra a máis minoritaria das linguas, desencadearíanse as reaccións máis apaixonadas, máis incontrolables. Para evitar a traxedia é preferible, por alto que sexa o custe, traducir, traducir e traducir ...



Amin Maalouf, «Identities as assassins», Alianza Editorial

2.2. Situación lingüística no mundo e en Europa

É difícil precisar o número de linguas faladas actualmente no mundo. Cóntase cun censo de **entre catro e seis mil**, pero as estimacións poden variar **entre as tres mil e as dez mil**.

Ademais da súa orixe ou número de falantes, empréganse outros criterios para describir e clasificar as distintas linguas do mundo.

Segundo o seu **status legal** falamos de **lingua oficial** cando esta goza do recoñecemento formal para representar un territorio. En Europa estímase que hai entre 230 e 300 linguas, das que o 15% teñen estatus de oficialidade.


Unha lingua oficial poden ser, ao tempo, **lingua con Estado** (o italiano en Italia, o gaélico en Irlanda) ou lingua sen Estado (o galego en Galicia). Aínda que haxa unha certa tendencia a mesturar ambos os conceptos, non podemos confundila coa **lingua nacional**, expresión dunha identidade colectiva forxada ao longo da historia e dotada de cultura propia.

En cada Estado adoita haber unha soa lingua oficial. Porén, pódense aplicar **diferentes políticas lingüísticas**: unha **única lingua oficial** en todo o Estado (Francia, EE.UU.), **varias linguas oficiais** en cadanseu territorio do Estado (Suíza, Bélxica) ou **unha soa lingua oficial estatal** con **linguas cooficiais** en determinadas partes do territorio (España).

Tamén se dá o caso de linguas que gozan de oficialidade en máis dun Estado: o portugués, o alemán, o español, o inglés, o árabe...

O máis difícil de atopar, xa que logo, son estados unilingües (en Europa só Islandia, O Vaticano, San Marino e Liechtenstein). O multilingüismo é a situación máis habitual en todo o planeta. Por exemplo, en Papúa Nova Guinea rexístranse 840 linguas; en Nixeria, 517 e en Estados Unidos, 328.

O **multilingüismo** é o resultado da coexistencia de varias linguas nunha sociedade. O **plurilingüismo** é a competencia comunicativa que unha persoa ten para empregar varias linguas ademais da propia.



② A diversidade lingüística

2.3. A realidade multilingüe do Estado español

A Constitución Española de 1978 e a articulación das Autonomías determinaron que **catalán, galego e éuscaro** sexan **linguas oficiais** nos seus territorios xunto co **castelán**.

O Estado español é multilingüe desde a súa orixe. O galego, o catalán ou o éuscaro son linguas oficiais por seren as **linguas propias** dos seus territorios; é dicir, teñen a súa orixe histórica nas comunidades humanas que alí se asentaron e desenvolveron. Polo tanto, a lingua propia é un patrimonio colectivo, non unha escolla individual.

Existen ademais outras linguas propias que carecen da protección legal necesaria para garantir a súa existencia. A todas elas temos que sumarles as das comunidades migrantes que se veñen asentando nos últimos cincuenta anos (o árabe, o romanés...).

A vitalidade das linguas non depende só estatus legal que se lles outorgue. A transmisión familiar é imprescindible para asegurar o seu futuro.

Comunidade Autónoma	Castelán	Lingua propia	Ambas	Outras
Galicia	31,7 %	Galego 42,2 %	23,7 %	2,4 %
Illas Baleares	48,6 %	Catalán 37,9 %	3,6 %	9,9 %
Cataluña	52,7 %	Catalán 31,5 %	2,8 %	13 %
Comunidade Valenciana	60,8 %	Valenciano 28,8 %	9,5 %	0,8 %
País Vasco	76,5 %	Éuscaro 17,5 %	6,0 %	
Navarra	84,9 %	Éuscaro 5,8 %	3,3 %	6%

Galego

Conta con case **dous millóns e medio de falantes** no territorio galego, a meirande parte bilingües, xunto coa comunidade emigrante en América e Europa. A lingua galega pertence ao 5% das linguas do mundo que superan o millón de falantes.

Os seus límites xeográficos non coinciden coa demarcación política actual; ademais de en Galicia, **fálase en** zonas estremeiras de **Asturias** e das provincias de **León** e **Zamora**, así como no **Val de Ellas**, en Cáceres.

Personas segundo a lingua na que falan habitualmente por idade (porcentaxe sobre a poboación total) 2013				
	En galego sempre	Máis galego ca castelán	Máis castelán ca galego	En castelán sempre
De 5 a 14 anos	14,27	11,85	29,75	44,13
De 15 a 29 anos	18,94	18,45	30,75	31,86
De 30 a 49 anos	23,66	20,64	28,25	27,45
De 50 a 64 anos	32,78	25,35	21,51	20,36
De 65 ou máis anos	48,48	24,91	12,96	13,65
Total	30,57	21,72	23,32	24,40

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego

Catalán

Conta con preto de **dez millóns de falantes** (a meirande parte bilingües) nas catro provincias de **Cataluña** —agás no Val d'Aran— na Comunidade Autónoma de **Baleares**, na cidade sarda de **Alguer**, no departamento francés dos Pireneos Orientais (antigo **Rosellón**), en **Andorra**, na Comunidade Autónoma de **Valencia**, nunha franxa da Comunidade Autónoma de **Aragón** e no norte de **Murcia**.

É lingua oficial das comunidades autónomas de Cataluña, Baleares e Valencia (nesta, baixo a denominación de valenciano) xunto co castelán, e do Principado de Andorra.

En Cataluña, por exemplo, a porcentaxe de falantes de catalán, que é o 75 % da poboación total, chega ao 90 % entre os mozos de 15 a 29 anos.

Éuscaro

É a única lingua preindoeuropea existente na Europa Occidental. Conta con case de **novecentos mil falantes** (todos bilingües) no **País Vasco** e norte de **Navarra**. Tamén se fala en zonas de **Cantabria**, **Condado de Treviño** (Burgos) e **suroeste de Francia**.

É a lingua **oficial** da **Comunidade Autónoma do País Vasco**, xunto co castelán, e tamén goza deste estatus na **zona vascófona da Comunidade Foral de Navarra**.

Ten unha rica literatura, principalmente oral (aínda popular hai bertsolaris, que destacan na arte de improvisar estrofas), e unha literatura culta en constante expansión.

Asturiano

Conta cuns **trescentos mil falantes** no **Principado de Asturias**. Está recoñecido na Constitución como lingua a protexer e promover, o que impulsou unha rica actividade social e cultural, así como algúns avances legais e educativos. A **Academia de la Llingua Asturiana** encárgase da gramática, dicionario e normas ortográficas. Con todo, segue sen ser lingua oficial a pesar do apoio maioritario da súa poboación, especialmente da mocidade.

Forma parte do ástur-leonés, que abrangue tamén falas de parte de León e Zamora, xunto co mirandés, a lingua de Miranda do Douro (Portugal). Os falantes de **mirandés** (uns 15 000) gozan da protección e o dereito de promoción da súa lingua pero esta, polo momento, non ten estatus de lingua oficial.


Aragonés

Está recoñecido na lexislación autonómica como lingua propia de Aragón; non obstante, non goza dun réxime de cooficialidade. Estímase que **25 000 falantes** o manteñen na zona norte da comunidade. Aínda que este dato sitúa o aragonés na listaxe das linguas en perigo de desaparición, nas últimas décadas apréciase un progreso no estudo, a produción cultural e o interese social pola súa revitalización.

Aranés

Esta **variante do gascón** —unha das catro modalidades do **occitano**— é na actualidade a lingua habitual do 20% da poboación do Val d'Aran (Lleida).

O Estatuto de Autonomía de Cataluña recoñéceo como **lingua oficial** deste territorio, xunto co catalán e o castelán. A oficialidade permitiu o seu impulso na educación ou a cultura, así como o dereito a usalo coa administración por parte dos seus falantes.



② A diversidade lingüística

2.4 O portugués e a lusofonía

O **portugués e o galego** foron na súa orixe unha mesma lingua. Compartiron designios políticos e culturais na que se considera etapa de maior esplendor e prestixio para a nosa lingua. Xa no século XII, a historia de Galicia e a de Portugal toman camiños distintos, que influirían na fortaleza e desenvolvemento social de ambas as linguas. Con todo, a intercomprensión da que seguimos a gozar na actualidade dá lugar ao que se denomina **complexo lingüístico galego-portugués**.


Na actualidade, o portugués é lingua oficial en **Portugal, Brasil, Angola, Cabo Verde, Guiné-Bissau, Mozambique, São Tomé e Príncipe e Timor-Leste**. Conta con máis de **douscentos cincuenta millóns de falantes**. É o idioma románico máis usado despois do español e o máis falado no hemisferio sur.

A **lusofonía** é un espazo de relación que engloba os falantes de portugués ao redor de todo o mundo. Unha comunidade humana de máis de douscentos cincuenta millóns de persoas, con historias e particularidades propias, que se organizan en países, nacións sen Estado, colectivos e comunidades diversas.

Para desenvolver as potencialidades de posuír unha lingua de relación internacional, créase en 1996 a **Comunidade dos Países de Língua Portuguesa (CPLP)**, que en 2016 admite a primeira institución representativa do galego, o Consello da Cultura galega. En colaboración co Instituto Internacional da Língua Portuguesa (ILLP), fomenta iniciativas para a promoción da lingua e a cultura, así como o desenvolvemento económico e social das comunidades e países que se integran na lusofonía.

A lingua galega asóciase coa lusofonía en razón da súa vinculación histórica e das estreitas relacións entre a cultura galega e a portuguesa. Mais na actualidade demostrase que este nexo pode converterse tamén en vantaxes competitivas nos ámbitos empresarial, deportivo, social ou cooperativo.

Para promover o aproveitamento destes vínculos, o Parlamento de Galicia aprobou en 2014 a **Lei Paz Andrade**, que permitiu integrar o portugués na oferta educativa galega. No ámbito económico fomentáanse as liñas de colaboración entre empresas. No ámbito cultural, o Festival Internacional da Lusofonía **Cantos na Mare** supón o encontro musical e artístico entre artistas de países lusófonos.



Actividades

2 Le o seguinte texto e realiza as tarefas propostas.

- Sinala cal é a estrutura do texto.
- Expón a túa opinión crítica sobre o que o autor di no texto. (Mínimo 200 palabras)
-  Compartide os vossos textos de opinión e comentade as ideas que vos parezan máis interesantes, respectando as opinións dos demais.

Texto 2

Galiza é unha parte do Estado español que fai fronteira co norte da República Portuguesa e que dispón dun goberno propio, a Xunta de Galiza, cun grao de autonomía semellante ao dun estado federado, se ben con matices diferenciais importantes.

A pesar da pertenza ao Estado español, Galiza conta con peculiaridades históricas, económicas, sociais e culturais que pouco ou nada teñen que ver coas que se identifican habitualmente coa nación española: as corridas de touros non son propias de Galiza, non hai danza ou música «flamenca», o traxe típico non leva «volantes», non hai unha ampla chaira facilitadora da comunicación, a auga non é escasa nin está maioritariamente contaminada, aínda que tamén haxa ríos contaminados, non falta produción enerxética nin condicións para a aumentar, a influencia da cultura moura é ínfima, sendo ben máis importante a celta... e a lingua propia de Galiza non é o castelán ou español.

Cal é, entón, a lingua de Galiza? O certo é que os filólogos galegos non chegaron a un acordo con relación a isto, podendo sintetizar as súas posturas en dous grandes bloques: o dos que defenden que a lingua galega é unha variante da lingua portuguesa con máis ou menos particularidades e o dos que postulan que a lingua galega é diversa da portuguesa, a pesar de teren sido a mesma lingua no pasado e de aínda hoxe semellárense enormemente. No entanto, todos coinciden en algo: as persoas que coñecen a lingua galega comunícanse con extrema facilidade coas que usan o portugués.

Se a esta facilidade comunicativa entre a comunidade de expresión portuguesa e a comunidade galega acrescentamos o feito de a lingua portuguesa ter o seu berce no medieval Reino de Galiza, que incluía o territorio da actual Comunidade Autónoma Galega transcendéndoo aínda amplamente, parece lexítimo reivindicar que Galiza sexa recoñecida polo resto da Lusofonía como membro de pleno dereito e que, por tanto, as actividades e institucións dirixidas a este conxunto de países e rexións a teñan en liña de conta.

E que é o que Galiza pode brindar aos países e rexións da Lusofonía? Non sendo a resposta a esta pregunta o albo central desta breve reflexión, limitarémonos a facer un sumariísimo achegamento á mesma referindo, por exemplo: o innegábel atractivo turístico de carácter cultural, co Camiño de Santiago ou os innúmeros restos celtas e romanos; a enorme experiencia nese mesmo campo do turismo; a capacidade e coñecemento científico e técnico en sectores como a pesca e construción de navíos, as novas tecnoloxías, agricultura e pecuaria, xeración de enerxías renovábeis, produción de vehículos civís e militares, educación, construción, sanidade (un dos colectivos máis importantes de médicos estranxeiros en Portugal é o galego); unha potente, rica e efervescente produción cultural propia en todos os campos imaxinábeis; a obra dunha das maiores escritoras da literatura universal: Rosalía de Castro...

Así sendo, pódese aseverar con pouco medo de errar que calquera esforzo realizado para a aproximación entre Galiza e a Lusofonía será proveitoso para ambas as partes. Ás autoridades políticas e sociedade civil galegas corresponde agora dar pasos firmes na dirección dos territorios lusófonos, definidos como estratéxicos hai moito tempo en demasiados discursos retóricos que non acaban de ser suficientemente concretados. Mais, na Lusofonía... como irá ser acolida a descoñecida Galiza? Haberá quen teña vontade de descubrila, de recibila, de, en fin, apostar tamén por ela?

Ángelo Gonçalves Vicente (20/03/2006) coordinador do Observatorio Galego da Lusofonía

Linguas maioritarias, linguas minorizadas e linguas minoritarias

3.1 Linguas ~~maioritarias~~ *hexemónicas!* (ou dominantes)

Linguas maioritarias son aquelas que gozan dun gran prestixio social, determinado pola existencia dun **poder político-económico que as potencia**. Cantas máis **funcións matri-ces** cumpra unha lingua, maior prestixio social acada. Estas funcións non son permanentes, van mudando segundo circunstancias históricas ou xeográficas, por exemplo.

3.2 Linguas minorizadas

Linguas minorizadas son aquelas que no seu territorio están sometidas a condicións tales que ven **restrinxidas** total ou parcialmente **as súas funcións sociais** en beneficio doutra lingua dominante.

No proceso de mironización da lingua galega, retraeuse aos ámbitos rurais e os usos informais e de **menos prestixio**; mentres que o castelán se foi implantando nos usos formais e prestixiosos e nos espazos urbanos. Daquela, a lingua autóctona vai perdendo consideración (fenómeno de **restrición**), ao tempo que se converte en **lingua recesiva**. Pola súa banda, a lingua foránea vai medrando en ámbitos de uso e estatus (fenómeno de **expansión**).

O número de falantes non é un factor moi relevante para que unha lingua se considere minorizada. O **islandés**, con 200 000 falantes, ten asegurada a súa supervivencia, pois é idioma nacional e oficial en Islandia; mentres, o **galego** ou o **catalán**, con máis falantes, están en situación de minorización.

A minorización lingüística non é «natural», senón o resultado de procesos históricos nos que predominan políticas de asimilación e dominación duns grupos sobre outros. Cada proceso ten o seu propio ritmo e dinámica e a situación das linguas minorizadas non é homoxénea, depende de moitos factores entre os que se poden destacar:

A **oficialidade**. Moitas son linguas sen Estado ou carecen dun recoñecemento legal que as protexa. Aínda que, ás veces, as linguas oficiais dalgúns estados europeos — como o maltés, o luxemburgués e o gaélico irlandés — están en minorizadas.

A aplicación dunha **política lingüística** que teña como obxectivo a **normalización** dos usos do idioma en fase recesiva. Centrada na recuperación de espazo na administración, o ensino, os medios de comunicación, as tecnoloxías, a economía...

- A **distribución xeográfica**. Unha lingua pode estar minorizada nun estado e ser oficial noutro (caso do francés no Quebec e en Francia).
- O carácter **oral ou escrito** e a existencia de ferramentas como unha gramática, dicionarios, normas de uso...
- O grao de **conciencia lingüística** dos falantes. Supón o impulso que as linguas precisan acadar ou desenvolver os factores anteriores.
- En xeral, a situación das linguas minorizadas adoita ser preocupante. O 47% das 6000 linguas do mundo está ameazado ou en serio perigo de extinción.

3.3 Linguas minoritarias

Linguas minoritarias son as que, independentemente da consideración social que teñan, posúen un relativamente escaso número de falantes. (**<50%**)

Se o concepto de lingua minorizada tiña unha dimensión cualitativa e funcional, o de lingua minoritaria é aplicable só en termos cuantitativos e relativos.

Así como hai linguas maioritarias que poden estar en situación de minorización, tamén existen linguas minoritarias que están minorizadas —o bretón (noroeste de Francia) ou o **córnico** (suroeste de Gran Bretaña)— e linguas minoritarias «maiorizadas» —o **islandés** (Islandia)—.



Bilingüismo e diglosia

O termo **bilingüismo** designa a capacidade que ten unha persoa para se expresar cunha destreza parella en dúas linguas (**bilingüismo individual**).

Nun sentido colectivo, úsase bilingüismo para aludir á situación das comunidades nas que se empregan dúas linguas (**bilingüismo social**), sen ter en conta as diferenzas nos usos de ambas por parte dos falantes.

Desde esta perspectiva, a maior parte dos galegos seríamos bilingües e tamén o sería a nosa sociedade.

Polo que respecta ao coñecemento das linguas, adoita falarse de **bilingüe pasivo** (quen entende unha lingua, pero non a sabe falar) e **bilingüe activo** (quen é capaz de entender e falar a lingua).

En principio, o bilingüismo enriquece o individuo, porque lle permite diversos enfoques e visións de distintas linguas, culturas etc. Pero é difícil que esas linguas se atopen en situación de igualdade e proporcionalidade total dentro dunha comunidade.

Con todo, o falante dunha comunidade con varias linguas non as emprega indistintamente para o mesmo propósito. A coexistencia resólvese de forma **asimétrica**. Emprega a **lingua A** (lingua dominante ou hexemónica) para usos públicos ou cultos e reserva a **lingua B** (lingua dominada ou minorizada) para usos informais (falar cos amigos, na casa etc.). Este comportamento lingüístico chámase diglosia.



A **diglosia** prodúcese cando existe un desigual reparto de usos entre dúas linguas **en contacto** estable nun territorio, de xeito que cada unha cumpre unhas funcións distintas na mesma sociedade e se usan en situacións e contextos diferentes.

En Galicia, a diglosia caracterízase polo emprego dunha ou outra lingua segundo:

- Os **ámbitos sociais**: o reparto de espazo nos medios de comunicación, a educación, ou a economía favorece a lingua dominante, o castelán. Aínda que noutros ámbitos, como o da política, semella que o galego está máis asentado, tende a empregarse de forma ritual.
- Os **espazos xeográficos**: o galego emprégase máis no rural e na contorna das cidades, e o castelán nos núcleos urbanos.
- Os **interlocutores**: dependendo da relación entre as persoas, da súa adscrición a un grupo social e o seu status no mesmo, da idade e os prexuízos que todo isto lle xere ao falante, usará unha lingua ou a outra.

Non podemos simplificar a cuestión e dicir que o galego está relegado aos usos privados e informais, fronte ao castelán que ocuparía os usos públicos. Pero si podemos dicir que o castelán, como lingua A (ou dominante), ten presenza en todos os ámbitos de prestixio, mentres o galego, a lingua B (ou minorizada), non. Daquela, aínda que os falantes sexan bilingües, a sociedade é diglósica.

Conflito lingüístico e ecolingüismo

5.1 Causas do conflito lingüístico

O **conflito lingüístico** aparece nunha sociedade cando **dúas linguas compiten** por desempeñar todas as funcións posibles. Esta fricción adoita producirse cando a lingua allea a un territorio tenta usurpar funcións que estaban asociadas á lingua propia dese territorio. Isto é o que vén acontecendo entre galego e castelán.

A coexistencia de dúas linguas nun mesmo territorio adoita producirse por diversas razóns de carácter histórico:

- Procesos de expansión e de unificación política
- Presión cultural e económica
- Movementos migratorios

No caso do galego, na Idade Media, o primeiro factor deu lugar a unha situación de dominio sobre Galicia por parte do Reino de Castela, o cal se traduciu asemade nunha conxuntura de opresión lingüística. Xa naquela altura, a coexistencia entre galego e castelán adquiriu a dimensión de conflito e agromou o fenómeno da diglosia.

O castelán comezou a substituír o galego nos usos cultos, como o literario ou o administrativo, mentres se introducía polas capas máis altas da sociedade. As diferenzas xerárquicas e de prestixio social, que se reflectían tamén nos usos das linguas, medraron e consolidaron o castelán como idioma das clases superiores e o galego como expresión do estamento popular.

Neste contexto, o emprego do **castelán** habería ser unha condición indispensable para acadar o **ascenso social**. Progresar esixíralle un cambio de lingua aos galegofalantes, mudando parcialmente de lingua, en determinados usos, ou abandonándoa por completo.

5.2 Consecuencias do conflito lingüístico

O conflito lingüístico é o resultado da relación desigual entre dúas linguas pero tamén un proceso que pode rematar na recuperación da lingua propia ou na súa substitución definitiva e a asimilación á lingua dominante.

Como observamos na nosa propia historia, é un fenómeno que vai mudando. O galego pasou por etapas de prestixio e de prohibición; hoxe, non só se enfronta ao reto de recuperar usos perdidos, senón que precisa competir por novos espazos (como o tecnolóxico) que mudan continuamente e nos os que o inglés, e non o castelán, é a lingua hexemónica a enfrontar. O obxectivo final é garantir o uso normal do galego en calquera ámbito da vida das persoas.

Se os falantes dunha lingua non poden expresarse plenamente nela, entón dicimos que sofren **discriminación lingüística**.

En 2001, España ratificou a **Carta europea das linguas rexionais e minoritarias**, tratado internacional promovido polo Consello de Europa para dar apoio aos seus falantes e impulsar a acción dos estados aos que pertencen.

Ata o de agora, a Carta abrangue unhas 80 linguas das máis de 200 comunidades lingüísticas. No seu último informe sobre a situación da lingua galega, sinala a necesidade de actuar para que o galego se desenvolva en todas as etapas educativas, no ensino das ciencias, nos procedementos xudiciais e nos servizos da Administración do Estado. Tamén pon o foco na diminución de falantes e a perda da transmisión xeracional, así como da desprotección do galego estremeiro e a fala de Estremadura.





Organizo a miña mente

Lingua e sociedade

Funcións sociais da lingua.

Identidade, familiar, laboral, local, institucional, cultural, internacional

Realidade multilingüe do Estado español

Castelán, galego, catalán, éuscaro, asturiano, aragonés, aranés,

O portugués a lusofonía

O portugués é oficial en Portugal, Brasil, Angola, Cabo Verde, Guiné-Bissau, Mozambique, Sao Tomé e Príncipe, Timor Leste.

A lusofonía é o espazo de relación que engloba os falantes de portugués ao redor de todo o mundo.

Linguas maioritarias

Aquelas que gozan dun prestixio social, determinado pola existencia dun poder político-económico que as potencia.

Linguas minorizadas

Son minorizadas aquelas que no seu territorio están sometidas a condicións tales que ven restrinxidas as súas funcións sociais en beneficio doutra dominante.

Linguas minoritarias

Son minoritarias aquelas que son faladas por un número pequeno de falantes.

Bilingüismo

Capacidade que ten unha persoa para se expresar cunha destreza parella en dúas linguas (individual); sociedade na que se empregan dúas linguas (social).

Diglosia

Cando existe un desigual reparto de usos entre dúas linguas en contacto. En Galicia inflúen os ámbitos sociais, os espazos xeográficos e as persoas interlocutoras.

Conflicto lingüístico

Aparece nunha sociedade cando dúas linguas compiten por desempeñar todas as funcións posibles.

Aplica o aprendido

Unha lección de diglosia

Cando as autoridades da Xunta falan de bilingüismo harmónico en realidade están a falar de diglosia, concepto sociolingüístico que quer decer, máis ou menos, que, dadas dúas linguas faladas nunha comunidade, unha delas é considerada Superior e outra Inferior. A Inferior tende a desaparecer da boca dos falantes porque eles se senten tamén Inferiores e todos queren ser Superiores aínda que sexa nas falas. Poñeríelles un exemplo de diglosia.

Pouco antes de se iniciar a cabalgada de Reis de Vigo pasaba eu pola Praza da Independencia. Agradoume moito que se apagasen os altosfalantes que desde había horas lanzaban sen cesar «panxoliñas», todos eles na lingua Superior (pretendidamente) e ningún na Inferior, que para os programadores municipais da gravación debe ser a nosa. Pero este non é o caso.

O caso é que, nun palco ou tribuna, estaban os Meigos ou Reis Magos de Oriente ataviados polo modo tradicional e unha señora que, de lonxe e sendo eu pouco agudo de vista, me semellou a alcaldesa de Vigo. Esta persoa dirixiuse á concorrencia nun discurso moi ben modulado e en galego. Detiven o meu paso para a escoitar e fiquei, en xeral, moi compracido polo que ouvía. Mais, veleiqué que, chegados a un certo intre, a oradora dixo algo así como:

—Nenos e nenas de Vigo, hai xa máis de dous mil anos houbo un acontecemento en Palestina. Tal acontecemento énos relatado así polo Evanxeo Segundo San Mateo: E a oradora pasou a ler o Cap. II do Evanxeo anunciado:

—«Habiendo, pues, nacido Jesús en Belén de Judá, reinando Herodes, he aquí que unos Magos vinieron del Oriente a Jerusalén, preguntando: ¿Dónde está el nacido Rey de los Judíos porque nosotros vimos en Oriente su estrella, etc.?». Isto é a diglosia: a lingua Inferior pode servir para lles dirixir a palabra a un grupo de rapaces; ora ben, cando se bota man da «palabra de Deus», entón só se pode falar na lingua Superior. A Inferior é o galego, a Superior (neste caso, Divina), o Español, como seu propio nome indica.

Foi pena que a alcaldesa ou quen fose a persoa que fixo o pregón da Epifanía en tan correcto galego non botase man na ocasión dunha tradución dos Evanxeos á nosa lingua, que elas existen.

Até tal punto existen que precisamente o Evanxeo de San Mateo fora traducido xa por José Sánchez Santamaría a petición de Luis Luciano Bonaparte —da raza corsa e superdotada dos Bonapartenos— mediados do século XIX e publicado en Londres no ano 1861. O prólogo do fillo dun dos protagonistas do 18 de Brumario, segundo ten sinalado Xesús Alonso Montero, constitúe, descontando Sarmiento, o primeiro estudo científico do idioma galego.

Perdeu a ocasión a oradora de lle explicar ao público que o Evanxeo que conta o conto dos Meigos fora mandado traducir ao galego por un sobriño dos satanizados Xosé e Napoleón Bonaparte cuxa expulsión de Vigo tanto ten celebrado a xente que celebra estas cousas.

X.L. Méndez Ferrín, *Faro de Vigo*



1 Le o texto seguinte e realiza as tarefas propostas

- Sinala se estamos diante dun texto no que predomina a tipoloxía descritiva, narrativa, expositiva ou argumentativa (razoa a túa resposta).
- Indica o tema do texto, a tese principal que se expón nel e os fundamentos nos que se sustenta.
- Dá a túa opinión razoada sobre a(s) idea(s) que se defende(n) no texto.

→  Accede ao resumo da unidade nos recursos de anayaeducacion.es.